

ERMIDA DE SAN SEBASTIÁN DO PICO SACRO

Da primitiva construción conservamos o altar do presbiterio, datable no século XI, feito en granito e atribuído ós discípulos do Apóstolo Santiago: San Atanasio e San Teodoro (dato non probable). Tamén da construción monacal permanece o retablo en cachotería (do século XI).

A fábrica do templo pasou por diversas reconstrucións. Así está documentado como en 1891 é necesario reparar unha grande cantidade de desperfectos causados por uns ladróns que romperon parte do muro.

En 1916 repárase o teito e en 1957 fíxose a bóveda de ladrillo e cemento, o tellado de cemento, o alpendre da fronte con cemento e columnas de pedra, o coro de madeira e refíxose o arco interior de pedra. En 1998 restaurouse todo o templo, incluído o alpendre da entrada principal. Tamén se acondicionaron os accesos e o campo-aparcadoiro, a parte de lousar a parte do acceso ó templo con materiais rústicos.



PLANTA

Responde a tipoloxía de planta de salón, composta por unha soa nave. O acceso á capela maior faise por un arco triunfal de medio punto apoiado sobre columnas adosadas. Despois do presbiterio atopamos a sancristía (3,7 x 3,45). Para a cuberta do edificio utilízanse bóvedas de canón.

ALZADO INTERIOR

Os muros quedan ocultos polas distintas capas de cal, excepto os sillares que forman o arco toural que dá acceso á capela maior como unha ábsida rectangular, no fronte da cal ábrese unha ventá ou “saetera” con derrame.

ERMIDA DE SAN SEBASTIÁN DO PICO SACRO

O presbiterio cóbrese cunha bóveda de canón.

O arco triunfal apoiase en dúas columnas adosadas con fustes de dous tambores desiguais e capiteis vexetais de formas indefinidas.

Ós pés da nave, tamén cuberta por unha bóveda de canón, levantase a tribuna.

ALZADO EXTERIOR

Os muros de mampostería quedan ocultos despois da última reconstrución en 1997. Ó exterior queda máis patente a diferenza entre a nave e o presbiterio: este é máis estreito e menos elevado que a nave. Visualízase un tellado exterior a dúas augas.

A fachada presenta unha porta adintelada de entrada, aínda que a parte que máis chama a atención é o alpendre: unha pequena estrutura en cemento e pedra que serve de primeira entrada ó templo.

No muro norte consérvanse unha serie de canzorros románicos que recrean formas vexetais, enroscadas e xeométricas. Neste mesmo muro atopamos un relevo que representa unha cruz grega, símbolo do cristianismo.

FONTES DOCUMENTAIS

En 1727 o Cabildo de Santiago financia as obras da capela do Pico Sacro. Na última década do século XIX, concretamente en 1891, levase a cabo unha importante reforma do santuario como consecuencia dun roubo que destrizou parte da parede.

Durante todo o século XX sucédense os arranxos e reformas do santuario. Nos anos 1909 e 1916 sucédense os arranxos e reformas do santuario, aínda que non se especifica a qué se refiren eses arranxos. A reconstrución máis importante data de 1957, afectando a: bóvedas, tellado, faise o cobertizo e refaise o arco de acceso á capela maior. A última reconstrución faise en 1997.

ANÁLISE ESTILÍSTICO

Manifesta modificacións na súa primitiva fábrica, con intervencións en distintos estilos. Entre os vestixios máis antigos, de estilo románico, datables nos anos finais do

ERMIDA DE SAN SEBASTIÁN DO PICO SACRO

século XII ou no comezo do XIII, son a capela maior e o par de columnas (de estilo mateano) que serven de soporte ó arco triunfal. Tamén románicos son os canzorros da cornixa do muro norte.

Aínda que se fixeron obras nas primeiras décadas do século XVIII, cara 1748 o templo atopábase nun estado indecente, polo que lle realizan unha profunda transformación, nese momento nun estilo barroco que vai a afectar ós muros da nave.

As últimas transformacións, feitas durante o século XX proxectaron fortes transformacións, como o cobertizo da fachada e a reforma do arco triunfal.

CAPELA MAIOR



Na actual ermida de San Sebastián consérvanse dúas imaxes deste santo: unha primeira feita polo mestre escultor Antonio del Río en 1783, e outra, tamén en madeira, de José Jacobo Liñares en 1847. O relicario de prata de San Sebastián é de 1768.

SAN SEBASTIÁN

O santo está representado como un home mozo, imberbe e de longa cabeleira. Aparece nu e atado a unha árbore. Para engadir realismo, o seu corpo aparece magullado polas saetas cas que sofre martirio e incluso dalgunhas feridas brota sangue.

Na peña aparece firmada polo mestre escultor Liñares. O corpo humano: está ben proporcionado, responde a unha perfección clásica, presentase como un corpo que non padece tormento, levanta o rostro sereo ó ceo. Neste rostro voltanse a repetir as características de Ferreiro: boca pequena e cerrada, mentón prominente, arco perfecto de cellas e nariz.

Esta peza foi feita por José Jacobo Liñares en estilo ecléctico no ano 1847.

ERMIDA DE SAN SEBASTIÁN DO PICO SACRO

SAN SEBASTIÁN

Está presidindo o santuario ó aparecer “*sobre o vello ventanal románico con derrame*” da capela maior. Fisicamente é un home mozo, imberbe e de longa cabeleira. Aparece nu e atado a unha árbore no momento en que sofre martirio (atacado con saetas).

A representación reproduce o momento no que o santo está sendo martirizado, de aí que o artista deixe un pouco de lado o tratamento anatómico do corpo (non desenrola musculatura nin o modelado do torraxe ou das articulacións, non se preocupa de captar a expresión do rostro), para así centrar toda a nosa atención na situación de martirio. Desta figura resalta a carencia de expresividade, a acentuada rixidez e frontalidade dunha figura que só se rompe pola diagonal marcada pola rama e o brazo levantados (única nota que proporciona certo dinamismo).

Este San Sebastián esta feita durante o segundo terzo do século XVIII en estilo barroco. Está atribuída ó escultor Antonio del Río.

